

**INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO**

PLAN DE **A**CCIÓN **T**ITORIAL

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.	5
2.- MARCO LEGAL.	6
3.- OBXECTIVOS DA TITORÍA.	7
4.- AXENTES IMPLICADOS NA TITORÍA.	8
4.1.- PROFESORADO TITOR.	8
4.1.1.- <i>Co alumnado.</i>	8
4.1.2.- <i>Co equipo docente.</i>	8
4.1.3.- <i>Coas familias.</i>	8
4.2.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	8
4.3.- XEFATURA DE ESTUDOS.	9
4.4.- EQUIPO EDUCATIVO.	9
5.- ORGANIZACIÓN DA TITORÍA	9
5.1.- ELECCIÓN DO PROFESORADO TITOR.	9
5.2.- ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TITORÍAS.	10
5.3.- HORARIOS.	10
6.- BLOQUES DE ACTIVIDADES.	11
6.1.- ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DO ALUMNADO.	11
6.1.1.- <i>Obxectivos.</i>	11
6.1.2.- <i>Tarefas e actividades.</i>	11
6.2.- ORGANIZACIÓN DO GRUPO E FOMENTO DA PARTICIPACIÓN NA VIDA DO GRUPO E DO CENTRO.	12
6.2.1.- <i>Obxectivos.</i>	12
6.2.2.- <i>Tarefas e actividades.</i>	12
6.3.- SEGUIMIENTO, ORIENTACIÓN E APOIO AO APRENDIZAXE.	13
6.3.1.- <i>Obxectivos.</i>	13
6.3.2.- <i>Tarefas e actividades.</i>	13
6.4.- DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES SOCIAIS.	13
6.4.1.- <i>Obxectivos.</i>	13
6.4.2.- <i>Tarefas e actividades.</i>	14
6.5.- DESENVOLVEMENTO DE HÁBITOS SAUDABLES.	14
6.5.1.- <i>Obxectivos.</i>	14
6.5.2.- <i>Tarefas e actividades.</i>	14
6.6.- FOMENTO DA IGUALDADE REAL E EFECTIVA ENTRE HOMES E MULLERES E ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.	14
6.6.1.- <i>Obxectivos</i>	14
6.6.2.- <i>Tarefas e actividades.</i>	14

6.7.- A PROMOCIÓN E MELLORA DA CONVIVENCIA	15
6.7.1.- Obxectivos	15
6.7.2.- Tarefas e actividades	15
6.8.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.....	15
6.8.1.- Obxectivos.	15
6.8.2.- Tarefas e actividades.	15
6.9.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE. ACTIVIDADES CO ALUMNADO.	16
6.9.1.- Obxectivos.	16
6.9.2.- Tarefas e actividades.	16
6.10.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO – APRENDIZAXE. ACTIVIDADES CO PROFESORADO.	17
6.10.1.- Obxectivos.	17
6.10.2.- Tarefas e actividades.	17
6.11.- ACTUACIÓNS CO EQUIPO DOCENTE.....	17
6.11.1.- Obxectivos.	17
6.11.2.- Tarefas e actividades.	18
6.12.- ACTUACIÓNS COAS FAMILIAS.....	18
6.12.1.- Obxectivos.	18
6.12.2.- Tarefas e actividades.	18
6.13.- AVALIACIÓN DA TITORÍA.....	18
6.13.1.- Obxectivos.	18
6.13.2.- Tarefas e actividades.	19
7.- TEMPORALIZACIÓN.	19
7.1.- 1º DE ESO.	19
7.1.1.- 1º Trimestre.	19
7.1.2.- 2º Trimestre.	19
7.1.3.- 3º Trimestre.	19
7.2.- 2º DE ESO.	20
7.2.1.- 1º Trimestre.	20
7.2.2.- 2º Trimestre.	20
7.2.3.- 3º Trimestre.	20
7.3.- 3º DE ESO.	20
7.3.1.- 1º Trimestre.	20
7.3.2.- 2º Trimestre.	21
7.3.3.- 3º Trimestre.	21
7.4.- 4º DE ESO.	21
7.4.1.- 1º Trimestre.	21
7.4.2.- 2º Trimestre.	21
7.4.3.- 3º Trimestre.	21

8.- AVALIACIÓN.	22
8.1.- OBXECTIVOS	22
8.2.- PERIODICIDADE.....	22
8.3.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	22
9.- VERSIÓN.....	23

1.- INTRODUCCIÓN.

O IES de Ribadeo Dionisio Gamallo creouse mediante o Decreto 153/2012, do 5 de xullo, publicado no DOG do 16 de xullo, por fusión dos IES Dionisio Gamallo Fierros e Porta da Auga. Polo tanto, no curso 2012-13 integrou as comunidades educativas destes institutos pasando a ser o único de Ribadeo. Ten como centros adscritos os colexios de educación infantil e primaria de Barreiros, San Miguel de Reinante, Celso Currás de Trabada e Gregorio Sanz de Ribadeo, ademais de ser tamén o único centro da localidade que oferta Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais.

Actualmente o instituto escolariza entre 450 e 500 alumnos e alumnas que se distribúen nos catro cursos de educación secundaria obrigatoria e nos dous de bacharelato, impartidos en dous réximes: ordinario e para persoas adultas. Cada curso destas ensinanzas pode contar ata con tres grupos, polo que tan só na educación secundaria obrigatoria pode haber 12 titorías en réxime ordinario, ás que deben engadirse as dos correspondentes programas de mellora do aprendizaxe e reforzo educativo de 2º e 3º curso.

O número de alumnos e alumnas por grupo está comprendido entre os 20 e 30 na educación secundaria obrigatoria e 23 e 33 no bacharelato, dependendo isto unicamente do número de alumnado matriculado, e non das problemáticas que poden concorrer no alumnado dun mesmo grupo. Isto fai que nos podamos atopar con grupos que sendo xa numerosos hai que engadir dificultades propias do nivel educativo ó que pertencen, como por exemplo 2º de educación secundaria obrigatoria.

Falar de titoría é falar de educación. A titoría é un recurso de calidade para a educación, que trata de asegurar o bo desenvolvemento do proceso formativo do alumnado, contemplando dunha maneira global e integrada distintos aspectos (persoais, sociais, académicos) que conforman a súa evolución e tendo en conta os distintos contextos nos que se desenvolven e polos que se ven influídos (escolares, familiares, sociais)

A acción titorial é un dos espazos máis axeitados para planificar a convivencia e contribuír á resolución positiva dos conflitos. É preciso entender a titoría coma un espazo a través da figura do profesorado titor e do PAT onde se poden facilitar técnicas e recursos que permitan clarificar a normativa de funcionamento e organización e onde se deben establecer as estratexias comunicativas axeitadas para tratar o tema da convivencia e resolver posibles conflitos.

Ensinar a pensar: entendido como a intervención educativa encamiñada ao desenvolvemento do pensamento e das capacidades intelectuais do alumnado. Trátase, en definitiva, de aprender a aprender.

Ensinar a ser persoa: favorecer no alumnado a formación da súa identidade persoal, o seu autoconhecimento e a construción dun autoconcepto positivo.

Ensinar a convivir e comportarse: procurarase a inserción activa, responsable e crítica na vida social o respecto entre as persoas independentemente do seu xénero, as súas crenzas, ideoloxías, orientación sexual...; buscamos así mesmo formar cidadáns comprometidos coa defensa da igualdade de oportunidades para todos e todas... Debemos anticiparnos desenvolvendo

actividades e programas dirixidos a mellorar o clima e dinámica de aula; a potenciación e adquisición de habilidades sociais, e non centrarnos só na corrección e prevención da indisciplina.

Ensinar a decidirse: ser capaz de tomar decisións acerca dun mesmo, da propia vida, do propio futuro é, seguramente, a máis necesaria das capacidades. Formará parte dun proceso de aprendizaxe, no que se inclúe a elección de materias e itinerarios, a planificación do futuro profesional, o coñecemento de un mesmo, potenciar as habilidades ao máximo, decidir entre distintas opcións...

2.- MARCO LEGAL.

No artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o Plan de acción tutorial debe revisarse e coordinarse co establecido no Plan de convivencia do instituto.

O artigo 58º do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria, dispón que a tutoría e orientación do alumnado formará parte da función docente e que nos institutos de educación secundaria haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnado.

No artigo 59º do mesmo decreto detállanse as funcións do profesorado titor:

- a) Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co departamento de orientación.
- b) Proporcionarlles no principio de curso, ó alumnado e ós pais e nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñece-las características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- g) Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.
- h) Orienta-lo alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

- i) Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- j) Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
- k) Organizar e presidi-las sesións de avaliación do seu grupo.
- l) Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- m) Colaborar co departamento de orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudos.
- n) Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- ñ) Orienta-las demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- o) Informar ó alumnado do grupo, ós pais e nais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- p) Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.
- q) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- r) Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnado.
- s) Controla-la falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados os pais e nais ou titores e o xefe ou xefa de estudos.
- t) Implica-las familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- u) Atender, xunto co resto de profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer .

3.- OBXECTIVOS DA TITORÍA.

1. Contribuír á personalización da educación, é dicir, ao seu carácter integral, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa e contribuíndo tamén a unha educación individualizada, referida a persoas concretas, coas súas actitudes e intereses diferenciados.
2. Prever as dificultades de aprendizaxe e non só asistilas cando se producen, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos como o abandono, o fracaso e a inadaptación escolar.
3. Contribuír o desenvolvemento dunha educación para todos que facilite a aprendizaxe e a participación desde unha perspectiva inclusiva.

4. Favorecer a integración e a participación do alumnado na vida do centro, mellorando a convivencia escolar e potenciando a resolución pacífica e construtiva dos conflitos.
5. Favorecer os procesos de madureza persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, así como a progresiva toma de decisións a medida que se teñen que ir enfrontando a diferentes momentos nos que deberán posicionarse ante distintas alternativas académicas ou profesionais.
6. Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e o entorno social.

4.- AXENTES IMPLICADOS NA TITORÍA.

A continuación relaciónanse os distintos axentes implicados na acción titorial e as funcións e responsabilidades que corresponden a cada un:

4.1.- PROFESORADO TITOR.

4.1.1.- Co alumnado.

- Coñecer as características persoais do alumnado.
- Detectar e atender as dificultades de aprendizaxe e de relación.
- Orientar sobre posibilidades académicas e profesionais.
- Favorecer o funcionamento e a organización do grupo.
- Facilitar a integración positiva e a participación do alumnado no grupo.
- Prever e tratar os problemas de convivencia.
- Canalizar problemas e inquedanzas do alumnado.

4.1.2.- Co equipo docente.

- Informar e coordinar o proceso educativo.
- Coordinar o proceso de avaliación.
- Coordinar a adopción de medidas educativas acordes ás necesidades do grupo-clase.

4.1.3.- Coas familias.

- Informar ás familias do funcionamento do centro e do rendemento do alumnado, en grupo e individualmente.
- Facilitar estratexias de apoio na educación dos seus fillos e fillas.
- Favorecer as canles de participación das familias.

4.2.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

- Propoñer o plan de acción titorial para a etapa, recollendo as aportacións do profesorado titor.
- Facilitar os recursos de apoio necesarios para a realización de actividades programadas polo profesorado titor.
- Participar no seguimento e avaliación do PAT, e elaborar, coa colaboración do profesorado titor, a memoria ao final de curso.

- Colaborar co profesorado titor na prevención, detección e valoración de problemas de aprendizaxe do alumnado e doutros problemas que poden afectar ao desenvolvemento do alumno.
- Coordinar a intervención dos axentes externos que participen nas actividades de orientación do centro.

4.3.- XEFATURA DE ESTUDOS.

- Supervisar a elaboración e desenvolvemento do PAT e realizar propostas sobre o mesmo.
- Convocar, coordinar e moderar as reunións de profesorado titor.

4.4.- EQUIPO EDUCATIVO.

- Titorizar o proceso de aprendizaxe na súa materia, orientando ao alumnado no seu estudo e atender ás necesidades educativas específicas que poidan xurdir.
- Atender á formación integral do alumnado máis alá da mera instrución en coñecementos sobre a súa disciplina, preocupándose polas circunstancias persoais de cada un e atendendo ás demandas e suxerencias do alumnado.
- Apoiar ao alumnado na toma de decisións sobre o seu futuro
- Facilitar a integración do alumnado estea integrado no grupo e favorecer a súa autoestima, fomentando un clima de convivencia positivo.
- Coordinarse co profesorado titor e aportarlle información e apoio.

5.- ORGANIZACIÓN DA TITORÍA

5.1.- ELECCIÓN DO PROFESORADO TITOR.

No punto 6.3 das normas de organización e funcionamento establécese que:

Haberá un titor ou titora como mínimo por cada grupo de alumnado. As titorías serán nomeadas pola dirección de acordo á proposta da xefatura de estudos, oído o departamento de orientación.

Na designación das titorías teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Serán asignadas preferentemente ó profesorado que imparta unha materia común a todo o grupo.*
- b) As titorías do primeiro ciclo da ESO serán asignadas preferentemente ós mestres e mestras.*
- c) As titorías dos grupos de diversificación curricular asignaranse preferentemente ó profesorado do departamento de orientación, que se coordinará coas dos grupos ós que pertence ese alumnado.*

No caso de existir profesorado dispoñible, unha vez adxudicadas todas as titorías, nomearase máis dun titor ou titora por grupo naqueles máis numerosos ou que se presupoña que poden ser máis problemáticas. Neste mesmo caso tamén poderán nomearse titorías para grupos de alumnado que poidan precisar dunha atención especial, como por exemplo: alumnado promocionado con materias pendentes, repetidores, con necesidades educativas especiais, etc.

No suposto de que algún grupo quedase sen tutoría por falta de profesorado dispoñible poderase asignar tutorías ó profesorado que desempeñen outras funcións de coordinación docente, directiva ou que xa teña ó seu cargo outro grupo. A dirección asignará estas tutorías de acordo a criterios de equidade e funcionalidade.

5.2.- ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TUTORÍAS.

A xefatura de estudos coordinará o traballo das tutorías e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

A primeira reunión convocarase a principio de curso, antes da acollida do alumnado, na que se explicará todo o proceso de acollida e se lles fará entrega da seguinte documentación:

- Calendario, horario e demais normas da acollida.
- Listados do alumnado do grupo. (matriculados, materias optativas, materias pendentes, usuarios do comedor escolar, usuarios do transporte escolar).
- Horario do grupo.
- Carnés escolares do alumnado.
- Axendas escolares (no caso da ESO).
- Cartafoles individuais de tutoría (no caso de alumnado matriculado no centro en cursos anteriores).

Posteriormente, no mes de outubro, a xefatura de estudos convocará outra reunión para coordinar o proceso de información ós pais do alumnado, especialmente ó de 1º de ESO. Tal e como se establece no punto 6.3 das normas de organización e funcionamento esta información debe ser como mínimo a seguinte:

- Horario e profesorado do grupo.
- Horas de recepción de pais e nais por parte do profesorado.
- Criterios de promoción e titulación na ESO.
- Forma de consultar as programación didácticas.
- Actividades complementarias e extraescolares previstas.
- Información xeral do centro.
- Características do grupo.

Ao longo do curso os tutores dun mesmo curso ou etapa poderán ser convocados pola xefatura de estudos por iniciativa propia ou a proposta da xefatura do departamento de orientación.

Do mesmo xeito, en calquera momento a tutoría poderá propor á xefatura de estudos a necesidade de convocar unha reunión do equipo docente do seu grupo para tratar temas de coordinación e/ou información. A xefatura de estudos estimará a conveniencia ou non da convocatoria.

5.3.- HORARIOS.

Na educación secundaria obrigatoria a tutoría conta cun período lectivo semanal no que o profesorado tutor permanecerá con todo o grupo na aula de referencia deste, realizando as labores propias da tutoría que permitan o desenvolvemento práctico deste plan de acción tutorial.

No momento da elaboración dos horarios a xefatura de estudos fixará a hora de titoría de cada grupo atendendo a criterios organizativos e pedagóxicos como:

- Terá que ser unha hora común para todo o grupo de alumnado.
- Non se poderá dividir en períodos máis pequenos.
- Tratará de evitarse que coincida a primeiras horas da mañá e tarde do luns.
- Terán preferencia as últimas horas da mañá e da tarde do luns.
- Procurarse que coincidan as horas de titoría dos grupos do mesmo curso, para facilitar a organización de actividades conxuntas.

6.- BLOQUES DE ACTIVIDADES.

6.1.- ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DO ALUMNADO.

6.1.1.- Obxectivos.

1. Favorecer o coñecemento mutuo dos membros do grupo e proporcionar ao alumnado información clara e precisa sobre o instituto e o seu funcionamento, así como sobre o conxunto da dinámica escolar.
2. Espertar expectativas positivas no alumnado cara ao curso e cara ao centro.
3. Prever os problemas que poidan darse no grupo, buscando a suficiente integración e adaptación do alumnado ao grupo e ao centro.
4. No caso do alumnado de nova incorporación: facilitar a toma de contacto co centro, a aula, as instalacións e a primeira relacións cos compañeiros e compañeiras de curso e co profesorado titor.

6.1.2.- Tarefas e actividades.

O día de inicio de curso o profesorado titor realizará unha sesión de acollida co seu grupo. Os obxectivos desta serán:

- Presentar ó titor ou titora.
- Proporcionar aos alumnos e alumnas información sobre o calendario escolar, o horario, o profesorado do grupo, as aulas que lles corresponden, etc.
- Presentar o alumnado recién incorporado ao centro, se o houbese.
- Facilitar unha breve información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Recoller e contrastar información sobre antecedentes escolares, persoais, familiares e sociais, así como necesidades, experiencias, expectativas académicas e profesionais, motivacións, etc.

Todo o profesorado contribuirá á acción titorial realizando actividades específicas de acollida nas respectivas materias: presentación dos alumnos, información sobre os obxectivos e contidos da materia, metodoloxía, sistemas de avaliación, mínimos esixibles, etc.

Os alumnos de primeiro curso recibirán información específica sobre as características da etapa educativa que inician: finalidades, carácter da avaliación, etc.

Co alumnado de nova incorporación ao longo do curso procederase da seguinte maneira:

- Alumnado procedente do estado español: serán recibidos pola orientadora e/ou alguén do equipo directivo, que se encargarán de informar axeitadamente aos alumnos e ás súas familias, estudando a súa situación académica. Participación do alumnado axudante. Presentación de titor/a e compañeiros/as.
- Alumnado procedente do estranxeiro: seguiranse os mesmos pasos. Ademais, levaranse a cabo probas de nivel de lingua galega e/ou castelán, e de nivel de competencia curricular, para determinar ó grupo ao que se adscribirá definitivamente, así como as materias nas que será necesario adaptar contidos.

6.2.- ORGANIZACIÓN DO GRUPO E FOMENTO DA PARTICIPACIÓN NA VIDA DO GRUPO E DO CENTRO.

6.2.1.- Obxectivos.

1. Promover actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación do alumnado na vida do instituto.
2. Implicar ao alumnado na boa marcha do grupo e no bo funcionamento do centro.
3. Definir e manter unhas normas básicas de convivencia e funcionamento interno do grupo (normas de aula) que sexan asumidas por todos para favorecer a implicación do alumnado no seu cumprimento e concretar unhas normas xerais para a clase, a partir das normas xerais do centro, que rexan a clase durante o curso, implicando ao grupo na participación democrática na vida do centro e darlles a coñecer as canles previstas para dita participación.
4. Organizar e realizar a elección dos representantes de grupo (delegado/a, subdelegado/a...).
5. Elección de alumnado axudante.
6. Promover que o grupo adopte normas de conduta e funcionamento maduras, exercitando os seus dereitos e responsabilidades para consigo mesmo/a, os seus compañeiros e compañeiras e a institución escolar no seu conxunto.
7. Velar polo mantemento dunha relación de respecto entre o alumnado evitando actitudes discriminatorias.

6.2.2.- Tarefas e actividades.

- Dar a coñecer ao alumnado os obxectivos e contidos do plan de acción tutorial previsto para o curso e as funcións do titor ou titora. Estimular a participación do alumnado na programación e realización de actividades. Recoller as súas aportacións e suxestións.
- Proporcionar información sobre a estrutura organizativa e obxectivos do centro (órganos de goberno, unipersoais e colexiados, etc.)
- Estudo, análise e valoración dos dereitos e deberes do alumnado, Lei de convivencia, Plan de convivencia e Normas de organización e funcionamento. Debate e consenso das normas básicas de convivencia para a aula.
- Exposición das formas de participación dos alumnos na vida do IES e canles para participar os representantes do alumnado.
- Actividades de información e selección de alumnado axudante.
- Actividades previas á elección de delegado/a (definición de funcións e responsabilidades, perfil axeitado...). Elección de delegado/a seguindo o procedemento establecido no RRI.

- Actividades específicas (xogos, simulacións, etc) orientadas a que o alumnado aprenda a valorar a participación e o traballo cooperativo e a lograr un clima axeitado de convivencia en todos os cursos da etapa.
- Analizar problemas de convivencia e aprendizaxe comúns no grupo, de forma ordenada e serena a través do diálogo; polo menos unha vez por trimestre.

6.3.- SEGUIMIENTO, ORIENTACIÓN E APOIO AO APRENDIZAXE.

6.3.1.- Obxectivos.

1. Obter información pertinente sobre a evolución de cada alumno/a nas distintas materias e sobre as súas necesidades educativas para axudarlle a superar as dificultades.
2. Reflexionar co alumnado sobre as dificultades que van aparecendo nas diferentes materias e formular propostas e peticións positivas para intentar superalas.
3. Detectar deficiencias no uso das TTI e sensibilizar ao alumnado sobre a importancia do uso de estratexias de aprendizaxe axeitadas.
4. Mellorar a capacidade do alumnado para planificar o tempo e organizar o estudo persoal.
5. Preparar ao alumnado para que afronte en condicións óptimas os procesos de avaliación.

6.3.2.- Tarefas e actividades.

- Actividades para sensibilizar sobre a necesidade das técnicas no estudo persoal e no beneficio que supón o uso e aplicación estratéxica dos mesmos/as.
- Determinación dos hábitos de estudo dos alumnos e alumnas.
- Análise dos factores condicionantes do estudo e formas de utilizalo en beneficio propio.
- Exercitación dun método de estudo: lectura exploratoria, lectura comprensiva, subliñado, esquema, resumo, memorización.
- Estratexias para aumentar o rendemento na clase (toma de apuntes, elaboración de traballos, preparación de exames...)
- Exercitación no uso de técnicas específicas: diagramas, mapas conceptuais, gráficos, etc.
- Seguimento do uso das técnicas de estudo nas diferentes materias.
- Actividades para avaliar o uso e aplicación das técnicas.
- A lo menos unha vez ao trimestre o profesorado titor recollerá do alumnado impresións sobre a marcha do proceso de aprendizaxe nas distintas áreas , atendendo as peticións que resulte procedente trasladar a resto do profesorado do grupo.

6.4.- DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES SOCIAIS.

6.4.1.- Obxectivos.

1. Impulsar o equilibrio persoal do alumnado.
2. Potenciar a súa autoestima.
3. Axudar a descubrirse como persoa e valorarse como seres únicos e completos.
4. Identificar os sentimentos dun mesmo/a e dos demais. Expresalos axeitadamente.
5. Mellorar as relacións con eles/elas mesmos/as e co seu entorno.
6. Traballar en equipo, compartindo e aprendendo a ser solidarios/as, responsables e respectando as regras do grupo.
7. Solucionar eficazmente problemas de relación social que xorden no grupo.
8. Comunicar aos demais os desexos propios e peticións con cortesía e amabilidade.

9. Distinguir entre críticas inxustas e xustas, admitilas e no seu caso expresar cortesmente os desacordos.

6.4.2.- Tarefas e actividades.

- Actividades que fomenten:
 - Coñecemento dos dereitos e deberes do alumnado.
 - As habilidades para conversar.
 - A empatía.
 - A asertividade.
 - A autoestima.
 - O coñecemento da adolescencia e os cambios que nela se producen.
 - O desenvolvemento de valores como a tolerancia, a aceptación, a comprensión e a non discriminación.

6.5.- DESENVOLVEMENTO DE HÁBITOS SAUDABLES.

6.5.1.- Obxectivos.

1. Introducir nas actividades da titoría unha ensinanza que dea resposta aos problemas sociais actuais (adicións, sexualidade, medio ambiente...).
2. Contribuír á educación en valores, en relación co seu tratamento desde todas as materias, entendida coma unha educación que leve á formación de persoas capaces de construír racional e autonomamente o seu propio sistema de valores.
3. Desenvolver no alumnado a capacidade de facer xuízos críticos da realidade que lles toca vivir, e intervir para transformala e melloralala.

6.5.2.- Tarefas e actividades.

- Desenvolvemento de unidades didácticas elaboradas ao efecto.
- Programas de prevención de drogodependencias, variando a información segundo os niveis educativos.
- Actividades que fomenten o uso responsable de Internet e as novas tecnoloxías.
- Actividades de educación e seguridade vial.
- Obradoiros e charlas impartidos por diferentes profesionais.
- Celebración de diferentes conmemoracións relacionadas con esta temática: día mndial da saúde e día mundial do ambiente.

6.6.- FOMENTO DA IGUALDADE REAL E EFECTIVA ENTRE HOMES E MULLERES E ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

6.6.1.- Obxectivos

1. Construír unha escola coeducativa fomentando a igualdade desde a cooperación e non desde a confrontación, na procura de relacións afectivas asentadas no respecto, sen submisión e sen violencia.
2. Loitar contra os estereotipos de xénero.

6.6.2.- Tarefas e actividades.

- O uso non sexista da linguaxe.
- A visibilización do labor das mulleres e dos homes, entre homes e mulleres.

- A educación sexual en igualdade.
- A crítica ao sexismo.
- A identificación e loita contra as violencias de xénero.
- A educación nas novas masculinidades.
- A loita contra a LGTBfobia.
- A resolución pacífica cos conflitos.

6.7.- A PROMOCIÓN E MELLORA DA CONVIVENCIA

6.7.1.- Obxectivos

1. Promover actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación do alumnado na vida do instituto.

6.7.2.- Tarefas e actividades.

- Análise, nas sesións de tutoría, da marcha da convivencia da clase a lo menos unha vez ao trimestre.
- Actividades que fomenten os valores democráticos: tolerancia, xustiza, solidariedade, aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta...
- Actividades de sensibilización e prevención contra o maltrato entre iguais.

6.8.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.

6.8.1.- Obxectivos.

1. Desenvolver a capacidade de autocoñecemento do alumnado (capacidades, motivacións e intereses).
2. Facilitar estratexias para a toma de decisións do alumnado respecto do seu futuro profesional e á elección dun itinerario académico axustado aos seus intereses, actitudes e capacidades, desenvolvendo a reflexión e a capacidade crítica, eliminando os estereotipos sexistas tradicionalmente asociados ao traballo.
3. Desenvolver habilidades de busca e tratamento da información.
4. Contribuír ao desenvolvemento da madurez profesional e persoal do alumnado.

6.8.2.- Tarefas e actividades.

A tutoría será un dos ámbitos nos que se desenvolva o Plan de orientación académica e profesional establecido para a etapa. As actividades desenvolveranse en catro bloques de contidos:

- Actividades de autocoñecemento:
 - Cuestionario de exploración inicial.
 - Cuestionarios autoaplicables e autoavaliabes.
 - Elaboración de informes persoais sobre como se percibe o alumno e como o perciben os outros.
 - Aplicación de inventarios de intereses, guías de autoorientación.
 - Estudo da traxectoria escolar.
 - Estudo dos condicionantes da toma de decisións.
- Actividades de coñecemento do sistema educativo.
 - Estudo de folletos e publicacións.

- Elaborar un organigrama do sistema educativo e un diagrama das posibles opcións ao remate do curso.
- Visitas a centros educativos, de traballo, á Universidade.
- Charlas de ex alumnos.
- Informes de materias optativas.
- Consulta de programas informáticos.
- Actividades de coñecemento do mercado laboral.
 - Observación d e profesións e postos de traballo.
 - Estudo sobre as actividades económicas da comunidade.
 - Recollida, análise e comentario sobre noticias de prensa relacionadas coa actividade económica e laboral.
 - Visualización de vídeos de información profesional.
- Actividades de toma de decisións.
 - Desenvolvemento dun plan de toma de decisións.
 - Guías.
 - Entrevistas coa orientadora.

6.9.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE. ACTIVIDADES CO ALUMNADO.

6.9.1.- Obxectivos.

1. Fomentar a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe e avaliación, analizando o traballo realizado e adoptando compromisos para corrixir os desaxustes xurdidos.
2. Observar como percibe o alumnado o clima da aula e como se desenvolve o proceso de ensino – aprendizaxe.
3. Analizar o conxunto de factores que interveñen no proceso educativo: actividade do profesorado, programacións, metodoloxía, materiais, organización da aula, tipo de comunicación que se establece na aula, cantidade e calidade dos apoios que recibe o alumnado.

6.9.2.- Tarefas e actividades.

Antes da avaliación:

- Facilitar informacións xerais sobre a avaliación na etapa na que se atopa o alumnado, acordos establecidos a este respecto no PEC, criterios de avaliación de resultados, datas de avaliación e de información de resultados, etc.
- Realizar a autoavaliación do alumno, a avaliación do funcionamento do grupo-clase e do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Concretar acordos e medidas para remediar os desaxustes e problemas detectados.

Despois da avaliación:

- Entrega dos informes de avaliación.
- Análise e valoración dos resultados.

- Informar ao grupo sobre o desenvolvemento da xunta de avaliación e os acordos tomados, así como as medidas que se adoptarán para mellorar a situación (a nivel grupal e a nivel individual).

6.10.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO – APRENDIZAXE.

ACTIVIDADES CO PROFESORADO.

6.10.1.- Obxectivos.

1. Avaliar o proceso de aprendizaxe dos alumnos e o proceso de ensino.
2. Profundizar no coñecemento do grupo.
3. Reflexionar sobre os factores que inflúen na súa evolución a través da información compartida e a coordinación de criterios e actividades, orientar e solucionar as dificultades que se detecten no grupo.
4. Reflexionar e revisar a actuación co grupo clase, unificar criterios e planificar medidas de reforzo educativo e/ou atención á diversidade.
5. Establecer axustes na programación.

6.10.2.- Tarefas e actividades.

Antes da avaliación:

- Sesión de preavaliación co alumnado.
- Recollida de información sobre o rendemento do grupo, análise estatístico das cualificacións por materias, estrutura e cohesión do grupo, participación, actitude ante as normas, relacións entre o alumnado, relación co profesorado...

Na sesión de avaliación:

- Valoración do funcionamento do equipo educativo e establecemento de propostas de solución para as deficiencias observadas.
- Determinación de alumnos con dificultades e circunstancias que concorren. Acordar formas concretas de orientación e apoio para eses alumnos.
- Concreción do tratado. Establecemento de compromisos, acordos, pautas de actuación en determinados caos e mecanismos de seguimento e avaliación dos acordos.

Despois da avaliación:

- Elaboración da acta.
- Sesión de postavaliación co alumnado.
- Posta en marcha das medidas de reforzo educativo e/ou atención á diversidade.
- Convocar ás familias de alumnos que sexa preciso, a xuízo do equipo docente.

6.11.- ACTUACIÓNS CO EQUIPO DOCENTE.

6.11.1.- Obxectivos.

1. Obter información inicial sobre o alumnado, útil para o desenvolvemento das súas funcións docentes, avaliadoras e orientadoras.
2. Recoller información, opinións e propostas de cada un dos profesores sobre calquera tema que afecte ao grupo de alumnos en particular.

3. Unificar criterios co equipo docente e planear estratexias coordinadas para o tratamento flexible da diversidade.
4. Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo, e organizar e presidir as sesións de avaliación.
5. Implicar ao profesorado en tarefas orientadoras e actuacións do equipo docente.
6. Mediar nas situacións de conflito entre profesores e alumnos.

6.11.2.- Tarefas e actividades.

Programadas:

- Avaliación inicial. Recopilación de información sobre a situación de partida do alumnado.
- Establecemento de acordos compartidos polo equipo docente.
- Sesións de avaliación.

Reunións puntuais con algún profesor:

- Análise de calquera conflito dun profesor co grupo (dificultades na súa materia, metodoloxía, problemas de comportamento, etc), recollendo o seu punto de vista para encauzar a situación delimitando o problema e as súas causas e para orientar posibles vías de intervención por parte do profesor e revisar a marcha do conflito.

6.12.- ACTUACIÓNS COAS FAMILIAS.

6.12.1.- Obxectivos.

1. Contribuír ao establecemento de relacións fluídas coas familias que faciliten a súa conexión co centro.
2. Informar ás familias sobre todos aqueles temas relacionados coa educación dos seus fillos e das actividades de orientación.
3. Implicar aos pais nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
4. Intercambiar información sobre o alumno coa fin de chegar a unha maior comprensión da súa situación.
5. Orientar cando xurdan problemas que incumban ao fillo.
6. Implicar aos pais no proceso para que coñezan e apoiem as decisións (académicas) que os seus fillos tomen responsablemente.

6.12.2.- Tarefas e actividades.

- En 1º de ESO, reunión colectiva, unha vez feita a avaliación inicial, coas familias dos alumnos de cada grupo.
- Reunión informativas sobre distintos temas (redes sociais, alcohol...)
- Reunión individuais do titor con cada familia, na hora de atención a pais.

6.13.- AVALIACIÓN DA TITORÍA.

6.13.1.- Obxectivos.

1. Avaliar o funcionamento do PAT.
2. Analizar o desenvolvemento do PAT e as funcións asignadas ao titor, para corrixir os desaxustes observados e decidir o mantemento ou cambio dos obxectivos, a adecuación

das actividades, das estratexias de intervención, a valoración dos apoios recibidos, a temporalización, os recursos, etc.

3. Revisar, optimizándoa, a programación de cara ao curso seguinte.

6.13.2.- Tarefas e actividades.

- Concretar co departamento de orientación que aspectos van ser avaliados (funcións, obxectivos, actividades, recursos, temporalización...) e cando se realizará.
- Definir e/ou elaborar e aplicar os instrumentos para a avaliación e autoavaliación.
- Análise e valoración dos resultados.
- Elaboración dun informe que se adxuntará á memoria do departamento de orientación.
- Propostas de mellora para o próximo curso.

7.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta temporalización de actividades é unha previsión, que pode , e debe, ser revisada permanentemente, en función das necesidades que se vaian detectando en cada grupo – clase.

7.1.- 1º de ESO.

7.1.1.- 1º Trimestre.

- Actividades de benvida e coñecemento de horarios.
- Actividades de coñecemento da organización do centro.
- Actividades para favorecer o coñecemento do alumnado
- Análise dos dereitos e deberes do alumnado.
- Establecemento e redacción das normas da aula. Colocación das mesmas na aula.
- Actividades para a elección de delegado/a.
- Análise do comezo do curso. Resultados da avaliación inicial.
- Sensibilización contra o maltrato entre iguais.
- Información previa á selección do alumnado axudante.
- Análise da convivencia na clase (sociograma)
- Cinensino.
- Actividades de preavaliación e reflexión sobre o trimestre.

7.1.2.- 2º Trimestre.

- Actividades de reflexión despois da avaliación.
- Técnicas de traballo intelectual.
- Conmemoración do “Día escolar da non violencia e da paz”
- Análise da convivencia no grupo. Revisión das normas de aula.
- Cinensino
- Actividades de preavaliación e reflexión sobre o trimestre.

7.1.3.- 3º Trimestre.

- Actividades de reflexión despois da avaliación.
- Análise da convivencia no grupo. Revisión das normas de aula.
- Hábitos saudables: prevención do consumo de alcohol e tabaco.
- Análise dos estereotipos de xénero.

- Cinensino.
- Actividades de preavaliación e reflexión sobre o trimestre/curso.

7.2.- 2º de ESO.

7.2.1.- 1º Trimestre.

- Actividades de benvinda e coñecemento de horarios. Actividades para favorecer o coñecemento do alumnado.
- Repaso aos dereitos e deberes do alumnado.
- Establecemento e redacción das normas da aula. Colocación das mesmas na aula.
- Actividades para a elección de delegado/a.
- Análise do comezo do curso. Resultados da avaliación inicial.
- Análise da convivencia na clase (sociograma)
- Habilidades sociais: a autoestima.
- Cinensino.
- Actividades de preavaliación e reflexión sobre o trimestre.

7.2.2.- 2º Trimestre.

- Actividades de reflexión despois da avaliación.
- Programa de Habilidades Sociais: habilidades de comunicación e sociais.
- Conmemoración do “Día escolar da non violencia e da paz”
- Técnicas de traballo intelectual: revisión.
- Cinensino
- Análise da convivencia no grupo. Revisión das normas de aula.
- Actividades de preavaliación e reflexión sobre o trimestre.

7.2.3.- 3º Trimestre.

- Actividades de reflexión despois da avaliación.
- Programa de Habilidades Sociais: relacións interpersoais e resolución de conflitos.
- Actividades de orientación académica.
- Actividades reflexión e concienciación sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Cinensino.
- Actividades de preavaliación e reflexión sobre o trimestre/curso.

7.3.- 3º de ESO.

7.3.1.- 1º Trimestre.

- Actividades de benvinda e coñecemento de horarios. Actividades para favorecer o coñecemento do alumnado.
- Repaso aos dereitos e deberes do alumnado.
- Establecemento e redacción das normas da aula. Colocación das mesmas na aula.
- Actividades para a elección de delegado/a.
- Análise do comezo do curso. Resultados da avaliación inicial.
- Análise da convivencia na clase (sociograma)
- Repaso ás técnicas de traballo intelectual.

- ctividades para traballar hábitos de vida saudables: prevención de de drogodependencias.
- Actividades de preavaliación e reflexión sobre o trimestre.

7.3.2.- 2º Trimestre.

- Actividades de reflexión despois da avaliación.
- Actividades de autocoñecemento e educación sexual.
- Conmemoración do “Día escolar da non violencia e da paz”
- Actividades de prevención da violencia de xénero.
- Análise da convivencia no grupo. Revisión das normas de aula.
- Actividades de preavaliación e reflexión sobre o trimestre.

7.3.3.- 3º Trimestre.

- Actividades de reflexión despois da avaliación.
- Actividades de orientación académica.
- Actividades de preavaliación e reflexión sobre o trimestre/curso.

7.4.- 4º de ESO.

7.4.1.- 1º Trimestre.

- Actividades de benvida e coñecemento de horarios. Actividades para favorecer o coñecemento do alumnado.
- Repaso aos dereitos e deberes do alumnado.
- Establecemento e redacción das normas da aula. Colocación das mesmas na aula.
- Actividades para a elección de delegado/a.
- Análise do comezo do curso. Resultados da avaliación inicial.
- Análise da convivencia na clase (sociograma)
- Actividades para traballar hábitos de vida saudables: aproveitamento óptimo das redes sociais. Riscos.
- Actividades de preavaliación e reflexión sobre o trimestre.

7.4.2.- 2º Trimestre.

- Actividades de reflexión despois da avaliación.
- Actividades de orientación académica (libre de estereotipos de xénero)
- Conmemoración do “Día escolar da non violencia e da paz”
- Análise da convivencia no grupo. Revisión das normas de aula.
- Actividades de preavaliación e reflexión sobre o trimestre.

7.4.3.- 3º Trimestre.

- Actividades de reflexión despois da avaliación.
- Actividades de orientación académica.
- Actividades de preavaliación e reflexión sobre o trimestre/curso.

8.- AVALIACIÓN.

A avaliación do plan realizarase dende as mesmas titorías, departamento de orientación e xefatura de estudos.

8.1.- OBXECTIVOS

- Valorar a funcionalidade e a eficacia do Plan de Acción Tutorial á hora de aplicalo e llevalo a cabo.
- Establecer criterios y/o indicadores para efectuar un seguimento válido na aplicación del Plan de Acción Tutorial.
- Detectar aqueles aspectos e acciones tutoriais deseñadas que non sexan funcionais ou non dean resultados óptimos na aplicación do Plan de Acción Tutorial.
- Buscar estratexias de mellora para aqueles aspectos que non funcionen na aplicación, por parte do titor ou titora e do equipo docente, do Plan de Acción Tutorial.
- Establecer a periodicidade conveniente para a revisión, a avaliación e o control na aplicación do Plan de Acción tutorial.
- Ampliar novos campos de actuación na acción tutorial non previstos no Plan.
- Enriquecelo con novos programas específicos que desenvolvan a acción tutorial no Instituto.

8.2.- PERIODICIDADE

O Plan de Acción Tutorial revisarase nos seguintes momentos:

- Ao inicio de cada curso polo departamento de orientación para a inclusión de novas propostas que se propoñan na programación xeral do curso, e que deberán ser consensuadas polo profesorado titor e equipo directivo. Una vez aprobadas sumaranse ao Plan de Acción Tutorial
- Ao longo do curso en reunións coas titorías, comisión de coordinación pedagóxica, claustro, equipo docente, departamento de orientación ou equipo directivo. De acordo co carácter da proposta o modificación engadirase ao Plan de Acción Tutorial ou ben se propoñerá na memoria do curso para o seu estudo e aprobación durante el curso seguinte.
- A finais do curso na memoria de final, incorporándose as propostas de mellora á programación do curso seguinte.

8.3.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Nivel de logros acadados co referente dos obxectivos previstos.
- Nivel de pertinencia das accións realizadas nos distintos ámbitos.
- Nivel de relevancia dos contidos e das sesións de tutoría.
- Grao de adecuación das actividades para lograr as competencias.
- Adecuación da temporalización.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.

Cos datos recollidos ao longo do curso elaborárase a memoria ao finalizar o mesmo. Nesta memoria recollerase unha síntese das observacións realizadas polos tutores/as, os/as alumnos/as e outros axentes implicados, sobre aqueles aspectos que funcionaron ben, as dificultades

atopadas, e aqueles aspectos que serán necesarios modificar. As conclusións obtidas da avaliación serán tidas en conta para introducir as modificacións e axustes necesarios no curso seguinte.

9.- Versión.

Este Plan de Acción Tutorial elaborouse durante o curso escolar 2015-16, é a primeira versión e aplicarase no curso 2016-17, desenvolvendo así a primeira revisión do mesmo.